

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña. \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ e teléfono de contacto \_\_\_\_\_

Habendo pedido permiso para A FOGUEIRA DE SAN XOAN,

**Primeiro.** Declaro baixo a miña responsabilidade como persoa promotora da actividade solicitada, que os datos e documentos que se achegan correspóndense co que se está solicitando e son certos; asumindo a responsabilidade da actividade.

**Segundo.** Achego plano catastral da parcela e a localización da fogueira na mesma.

**Terceiro.** Declaro contar cos medios necesarios para o control e extinción do lume, así como de apagar a fogueira debidamente unha vez rematado o evento.

**Cuarto.** Declaro asemade que coñezo e acepto **as seguintes normas:**

1. - Solamente se autorizarán fogueiras en terreos privados de uso privado. En ningún caso se autorizarán fogueiras en terreos de uso ou acceso público.
2. As fogueiras deberán realizarse en lugares despexados e mantendo unha distancia de seguridade prudencial de edificacións, de liñas eléctricas, de zonas verdes ou xardíns, de mobiliario urbano ou de vehículos, ou daqueles onde poidan crearse situacións de perigo.
3. Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros, rodeando o perímetro da fogueira.
4. Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Se iniciada a fogueira, se producira a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apagar o lume.
5. O asentamento de fogueiras non deberá entorpecer, en ningún caso, os viais de acceso e circulación da zona.
6. Non se permite a queima de rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais contaminantes ou que desprendan fumes tóxicos e recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión, aínda que estes estean baleiros.

7. Ao finalizar a fogueira, as persoas responsables encargaranse de que a fogueira quede totalmente apagada.
8. A autorización outorgada non eximirá ao solicitante das responsabilidades que procedan por danos ou perdas, en caso de negligencia ou imprudencia.

Asinado \_\_\_\_\_

En Salceda de Caselas, o \_\_\_\_ de Xuño de 20\_\_

